



POR
**Javier
Nogueira**

6

Opini3ns heterodoxas

E

U SINTO verdadeira devoci3n por Eduardo Blanco Amor dende que o meu mestre Ant3n Bao me deu a ler 'A esmorga' no Bacharelato.

Ter3a que repasar, pero ata creo que caeu na mi3a selectividade e a cousa non foi mal de todo. Sacaba as3 a espi3a de 'Os biosbardos', que non me gustara nada. Non creo que a novela galega acade un cumio similar neste s3culo porque para facelo ter3amos que volver ao clasismo, 3 opresi3n militar e ling3ística e 3 emigraci3n masiva. De todo isto e algunhas cuesti3ns m3is 3 filla a obra mestra do escritor ourens3n.

Pero... e se 'A esmorga' non fose a mellor novela de Blanco Amor? Velaqu3 a opini3n heterodoxa que anuncia o t3tulo desta peza e que pode soar a provocaci3n ou mesmo sacrilexio se entendemos que se trata de infravalorar a historia do Milhomes e os seus compinches. E se a narraci3n m3is redonda fose 'La catedral y el ni3o', que agora publica Libros del Asteroide?

Rescatar esta novela deber3a ser unha das grandes novas da narrativa en espa3ol do ano xunto 3 republicaci3n dos 'Campos' de Max Aub, pero mergulladas como est3n as editoriais en tirar do prelo «el 3ltimo 3xito de Fulano que te cambiar3 la vida» dubido que ningu3n se pare demasiado no pobre Blanco Amor, que xa hai moito que non pode facer promoci3n do que escribiu.

Para comezar os cr3ticos espa3ois deber3an afrontar un feito obvio: a literatura espa3ola da mitificada etapa que media entre 'Nada' de Carmen Laforet e 'Tiempo de silencio' de Luis Mart3n Santos 3 unha turra da que ata o mesmo Ferlosio renega.

Nese contexto apareceu o 'Bildungsroman' —palabro alem3n que v3n a significar 'novela



de autoformaci3n' — de Blanco Amor, co seu barroquismo e artificio ling3ístico. Ti3a o autor preto de 50 anos e non escribira unha soa li3a de novela cando lle fixeron un homenaxe en Bos Aires, lugar onde vivira a meirande parte da s3a vida adulta. No brindado aquel 3gape lembrou a s3a infancia en Ourense e os amigos convid3rono a que convertese aquela historia en novela.

E as3 o fixo, transformado en Luis Torralba, fillo hiperest3sico e falangueiro dun badulaque e unha santa muller chamada Carmela. A novela desenv3lvese no que Zweig chamou «o mundo de onte», enmarcada entre o terremoto que asolou Messina en 1906 e o comezo da Grande Guerra. Neses oito anos fanse tres cortes que se corresponden en esencia coa nenez, a adolescencia e a idade adulta do protagonista. Ante el 3rguese a catedral, contrapunto inm3bil do seu desenvolvemento: a pedra non cambia e tampouco as mentalidades daqueles que agochan as s3as miserias tras os seus muros. A obra 3 unha cr3tica desapiadada da igrexa ultramontana da Auria de principios de s3culo, a3nda

que cos matices que aportan figuras humanas como Portocarrero ou os esquerdistas inanes que limitan as s3as protestas ao ret3rico.

Dentro da heterodoxia que domina todo o libro o m3is revolucionario para a 3poca 3 o tratamento da homosexualidade: o espertar sexual de Luis prod3cese entre homes, cunha mestura de agarimo e amizade e o escenario dun internado, t3pico literario da 3poca que deixou obras inmortais coma o 'AMDG' de P3rez de Ayala ou o 'T3rless' de Musil. Obviamente isto fixo que en Espa3a non se publicase ata 1976, non fose ser que algu3n tomase nota do nefando vicio relatado. Os censores franquistas poder3an ter estado m3is tranquilos por esa banda, xa que Torralba remata namorado de Ruth, moza de obvias simbolox3as b3blicas que conectan co elemento catedralicio.

Moitas son as sutilezas, formais e tem3ticas, desta novela de Blanco Amor que por sorte toma o cami3o da rehabilitaci3n e am3sanos nun espello aquel Ourense do que fuxira Curros e que de xeito tan incompleto retratan os manuais literarios hist3ricos.

LA CATEDRAL Y EL NIÑO

Eduardo Blanco Amor

Editorial Libros del Asteroide

P3xinas 496 Prezo 21,95€



Eduardo Blanco Amor
La catedral y el ni3o
Pr3logo de Indira Susperro

